

Regulamento do Cemiterio municipal.

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 11.

O Cemiterio do Concello de Salvaterra de Miño, ao servizo de tódolos membros da comunidade local, está suxeito á autoridade do Concello, a quen corresponde a súa administración, coidado e dirección, deixando a salvo o referente ás funcións xurisdiccionais propias das autoridades eclesiásticas e as competencias propias doutras autoridades e organismos.

Artigo 21.

O presente regulamento ten por obxecto a regulación do servizo do Cemiterio municipal de Salvaterra de Miño, que se prestará polo tanto con suxeición ás normas que de seguido se establecen, sen prexuízo da aplicación das leis e disposicións sanitarias vixentes e da intervención da xurisdicción eclesiástica, no seu orde.

Artigo 31.

As funcións xurisdiccionais propias da autoridade eclesiástica entrañan a facultade de dispo-lo conveniente en orde aos enterros e á observancia das normas eclesiásticas que sexan de aplicación en cada caso.

Artigo 41.

O horario de apertura e peche do Cemiterio municipal regularase polo Sr. Alcalde do Concello en función das distintas estacións do ano e das dispoñibilidades de persoal afecto ao cemiterio.

Artigo 51.

A interpretación e aplicación do presente Regulamento de acordo coas disposicións contidas no mesmo e demais de carácter xeral aplicables corresponde ao Sr. Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, polo que se refire ás dúbidas que poidan xurdir e no non previndo no mesmo.

Artigo 61.- No Cemiterio, como recinto sagrado, esixirase o respecto e decoro debidos, na orde persoal e material.

Artigo 71.

Prohíbese ás persoas o acceso ao depósito de cadáveres e ao osario xeral.

Cando os familiares do defunto desexaran quedar acompañando ao cadáver durante a súa permanencia no depósito correspondente, poderán facelo con autorización expresa do Sr. Alcalde.

Artigo 81.

O Concello de Salvaterra de Miño non será responsable en ningún caso dos roubos que poidan cometerse no Cemiterio municipal.

Artigo 91.

Respecto ás medidas hixiénico-sanitarias, observaranse en cada caso concreto as que sinale o Xefe local de sanidade ou persoa que o substitúa, en aplicación das normas obrigatorias d e carácter xeral.

Capítulo II

Persoal

Artigo 101.

Ao coidado do Cemiterio haberá un sepultureiro-encargado, do que as súas funcións serán as seguintes:

a) Coidar do aseo do Cemiterio e das súas dependencias, da organización do recinto interior e da conservación das plantas e arborado.

b) Recibir e conduci-los cadáveres e restos que se lle entreguen para a súa inhumación, conservándoos no depósito cando así proceda. En todo caso e como requisito indispensable, deberá recaba-la presentación da papeleta de enterramento expedida pola Oficina municipal encargada do servico, numerala e devolvela coa súa conformidade, unha vez efectuado o servico, para que por aquela oficina se proceda a efectua-la anotación no libro rexistro correspondente.

c) Realiza-las operacións materiais necesarias para a inhumación ou exhumación, no seu caso, e peche ou cubrimento das sepulturas.

d) Conserva-la chave do Cemiterio, en canto a Alcaldía non dispoña outra cousa.

e) Velar pola boa orde do recinto, evitando actos, presenza de persoas ou a realización de actividades que redunden en prexuízo do respecto debido ao lugar, dando conta de calquera incidencia que se produza.

f) Executa-las ordes e instrucións especiais emanadas dos seus superiores.

### Capítulo III

#### Sepulturas

##### Artigo 111.

O Cemiterio queda dividido conforme ás previsións establecidas no plano aprobado para a súa construción. Por conseguinte e de acordo co mesmo poderán construírse dúas clases de sepulturas:

A) Nichos.

B) Foxas.

##### Artigo 121.

O Concello coidará de construír nichos, dispostos en fileiras, atendendo ás previsións estatísticas de necesidade en relación coa densidade de poboación e media de defuncións ocorridas no Concello durante o último decenio.

##### Artigo 131.

Os nichos que se constrúan axustaranse ás normas sanitarias vixentes e ás dimensións legais esixidas.

##### Artigo 141.

A Comisión Municipal de Goberno outorgará a concesión de nichos e foxas por rigorosa orde de petición e de forma correlativa en cada zona, polo tempo e previo pago das taxas que sinale ao ordenanza fiscal aplicable. A numeración é a que consta no plano do Cemiterio dentro de cada zona.

#### Artigo 151.

A distribución do Cemiterio por zonas e dependencias é a que consta no proxecto técnico de construción da obra, do que a súa distribución en zonas figura na Ordenanza fiscal correspondente.

#### Artigo 161.

A enterramentos en foxa destínanse os terreos sinalados a este fin na Ordenanza fiscal do Cemiterio.

As dimensións das foxas serán as que sinale o Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria e en canto ás separacións das sepulturas colindantes, altura das lápidas, cruces, etc., estarase igualmente ao devandito Regulamento e, no seu defecto, ao que dispoña a Comisión Municipal de Goberno.

#### Artigo 171.

O dereito ás sepulturas quedará garantido mediante a súa inscrición no libro rexistro correspondente e á expedición do título nominativo pola Secretaría do Concello, co visto e praxe da Alcaldía.

#### Artigo 181.

Queda prohibida toda transacción mercantil das sepulturas, segundo dispón o Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria vixente.

Todo titular dunha sepultura poderá designar beneficiarios para despois da súa morte. Nas sepulturas a nome dos seus cónxuxes, enténdese que é automaticamente beneficiario o cónxuxe supérstite, quen a súa vez poderá designar a outros beneficiarios.

En defecto de nomeamento expreso de beneficiario, entenderase transmitida a titularidade da sepultura aos herdeiros testamentarios do titular e no seu defecto tramitarase pola orde de suceder prevista na lexislación civil.

#### Artigo 191.

Poderá declararse a caducidade e reverterá neste caso ao Concello o dereito á

sepultura nos casos seguintes:

- a) polo estado ruinoso da construción cando esta fora particular. A declaración de tal estado e caducidade requirirá expediente administrativo tramitado de acordo coas disposicións legais vixentes.
- b) En caso de sepulturas de carácter temporal, polo transcurso dos prazos de outorgamento establecidos de acordo coa Ordenanza fiscal, sen se solicitar prórroga.
- c) Por abandono da sepultura, considerándose como tal o transcurso dos prazos de outorgamento establecidos de acordo coa Ordenanza fiscal, sen se solicitar a prórroga.
- d) Por impago ao seu vencemento das taxas fiscais que lle correspondan unha vez requirido a este fin o interesado, con advertencia expresa de se produci-la caducidade transcorrido o prazo concedido para o pago.
- e) A declaración de caducidade corresponderá á Comisión Municipal de Goberno, previo expediente acreditativo en cada caso, tramitado conforme ás normas xerais aplicables. Declarada a caducidade de calquera clase de sepultura ou nicho, o Concello non poderá outorgar novamente o dereito sobre as mesmas a favor de terceiro até que se teña efectuado o traslado dos restos existentes no osario xeral.

Artigo 201.

As inscricións, epitafios, símbolos, etc., das sepulturas acomodaranse ás disposicións que desenvolvan a Constitución sobre liberdade relixiosa e demais disposicións aplicables.

Capítulo IV

Inhumacións, exhumacións e traslados

Artigo 211.

As inhumacións, exhumacións e traslados de cadáveres ou restos, rexeranse polas disposicións de carácter hixiénico-sanitario vixentes.

Artigo 221.

Ningún cadáver será inhumado antes das vintecatro horas do seu falecemento a non

ser que, pola rápida descomposición ou perigo de contaxio, insuficiencia hixiénica da habitación ou calquera causa similar obrígase á condución do cadáver antes do devandito prazo, debéndoo deixar en tal caso no depósito do Cemiterio.

Artigo 231.

Non poderá abrirse ningunha sepultura até transcorridos dous anos dende a última inhumación, ou cinco, se o falecemento tivo lugar por enfermidade contaxiosa. Exceptúanse as sepulturas que conteñan cadáveres embalsamados ou que se embalsamen para o seu traslado nas condicións regulamentarias.

Artigo 241.

O despacho dunha inhumación precisará a presentación na correspondente oficina do Concello dos seguintes documentos:

- a) Título da sepultura.
- b) Autorización xudicial, nos casos distintos da morte natural.
- c) Certificación médica da defunción.

Á vista da documentación presentada, a Alcaldía expedirá a orde de inhumación e, de acordo con ela, pola Oficina municipal correspondente, unha papeleta de enterramento, que deberá ser exhibida no cemiterio ao sepultureiro-encargado, como xustificante de que a documentación está en regra e procede a inhumación. Na devandita papeleta farase constar o nome e apelidos do defunto, a data de defunción, causa da mesma, lugar de enterramento (con sinalamento específico da sepultura ou nicho onde debe ser enterrado) e se debe ou non quedar no depósito.

O exemplar orixinal da papeleta de enterramento será devolto o mesmo día polo sepultureiro ao Concello, debidamente asinada, como xustificante do seu exacto cumprimento e a efectos de anotación no libre rexistro correspondente, devolvendo o exemplar duplicado aos familiares do defunto.

Artigo 251.

A exhumación dun cadáver ou restos, precisará, ademais, das autorizacións estatais

que legalmente sexan procedentes, de autorización municipal, previa solicitude. Unha vez obtida a autorización municipal, a exhumación levarase a cabo en presenza do titular sanitario legalmente competente.

Exceptúanse do requisito de prazo as exhumacións seguintes:

- a) As decretadas por resolución xudicial, que serán levadas a cabo en virtude do mandamento correspondente.
- b) A dos cadáveres que foran embalsamados ou teñan de selo no momento da exhumación.

Nestes casos, a autorización da Alcaldía expedirase á vista do mandamento xudicial ou orde que así o dispoña.

Artigo 261.

O traslado dun cadáver dende unha sepultura a outra dun mesmo cemiterio, esixirá o consentimento dos titulares de ambos dereitos e demais requisitos sinalados no artigo anterior.

Cando se interese o traslado dun cadáver ou restos depositados nunha sepultura da que o seu título figurase a nome de persoa falecida, deberá previamente se solicitar a transmisión, momento (de presentación da solicitude) a partir do cal poderá se autorizar o traslado sen prexuízo de ulterior trámite do expediente de transmisión da titularidade.

Capítulo V

Construcións funerarias.

Artigo 271

A construción de sepulturas levarase a cabo polos titulares das mesmas, con suxeición á distribución interior do cemiterio aprobada polo Concello e, en cada caso, será precisa a autorización da Comisión municipal de goberno, previa solicitude do titular e informe técnico do Aparellador municipal.

O prazo de realización das obras quedará limitado a seis meses prorrogables por tres

meses, a petición do interesado.

Artigo 281.

Os titulares de terreos ou parcelas deberán proceder a súa construción no prazo de dous anos, contados a partir da súa adxudicación, transcorridos os cales se ter dado de alta a edificación, poderá o Concello deixar sen efecto o dereito outorgado, sen indemnización algunha.

Artigo 291.

As sepulturas deberán ter edificado-los paramentos exteriores e os elementos decorativos con materiais nobres: mármore e pedra; de consistencia, bronce e aceiros inoxidables e ferros protexidos pola pintura, prohibíndose en absoluto os que non ofrezan tecnicamente suficiente garantía en atención á permanencia no cemiterio.

A colocación de lápidas, chapados, marcos, vícalos, xardineiras e marquesiñas en nichos, farase cun máximo saínte de 12 centímetros.

Artigo 301.

A realización de toda clase de obras dentro do cemiterio requirirá a observancia por parte dos contratistas ou executores, das seguintes normas:

- a) Os traballos preparatorios de canteiro e marmorista non poderán efectuarse dentro do recinto.
- b) A preparación dos materiais para a construción deberá realizarse nos lugares que se designen coa protección que en cada caso se considere necesaria.
- c) Os depósitos de materiais, aparellos, terras ou auga, situaranse nos lugares que non dificulten a circulación ou paso polas rúas.
- d) Os andamios, vallas ou calquera outro elemento auxiliar necesario para a construción, colocarse de forma que non dane ás plantacións ou sepulturas adxacentes.
- e) Unha vez rematada a obra, os contratistas ou executores deberán proceder á limpeza do lugar da construción e retirada dos cascotes, fragmentos ou residuos de



materiais, requisito sen o cal non se autorizará a alta da mesma.

Artigo 311.

Prohíbese a plantación de árbores ou arbustos no interior do cemiterio, así como de plantas en terra, correspondendo a función de axardinado e ornamentación xeral do cemiterio, exclusivamente ao Concello.

Artigo 321.

Todo o non previsto neste Regulamento regularase polo previndo na Ordenanza fiscal do Cemiterio municipal e, no seu defecto polas disposicións legais que sexan aplicables; correspondendo ao Pleno da Corporación, á Comisión municipal de goberno ou á Alcaldía, resolve-los problemas suscitados dentro do contido deste Regulamento no ámbito das súas respectivas competencias.

Artigo 331.

A vixencia deste Regulamento iniciarase aos vinte días de se haber anunciado no Boletín oficial da provincia a súa aprobación definitiva.

Aprobación.

O presente Regulamento do Cemiterio municipal de Salvaterra de Miño, que consta de 33 artigos, foi aprobado en sesión do Pleno da Corporación, celebrada o día catorce de febreiro de mil novecentos setenta e nove.

Salvaterra de Miño, a 16 de febreiro de 1.979.

Visto e praxe.- O Alcalde. Asinado.- O Secretario.